

PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
24/07/2014	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL D. Antonio Abril Abadín</p> <p>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Xose Luis Armesto Barreiro. Reitor D. Carlos Amoedo Souto. Secretario Xeral D. Juan Manuel Villoslada. Xerente</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA D. Ricardo Cao Abad D. Miguel Valeiro Mouriño</p> <p>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</p> <p>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA D. Marcelo Castro-Rial Schuller D. Alfonso Manuel López Pena</p> <p>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA D^a. Nona Inés Vilariño Salgado D. José María de Miguel Gómez D^a. Nuria Blanco Santiago</p> <p>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS D. Fernando Vázquez Martínez D. Santiago Porta Dovalo</p> <p>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS D. Daniel Ramos Lobón D. José Venegas Alonso</p> <p>E) DESIGNADOS POLOS COLEXIOS PROFESIONAIS D^a Carmen Piñeiro Lemos</p> <p>SECRETARIO D. Enrique Muñoz Lagarón</p> <p>INVITADOS D. Julio Abalde Alonso, Vicerreitor de Títulos, Calidade e Novas Tecnoloxías D. Jesús Spósito Prado, Director Técnico do Consello Social da UDC</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

ACORDOS ADOPTADOS
- Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno de 27 de marzo de 2014.
- Acórdase informar favorablemente o proxecto de decreto polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional no ensino universitario, para o curso 2014-2015.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art. 75.1 a) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, aprobar o Regulamento de Organización e Funcionamento do Consellos Social da Universidade da Coruña.
- Acórdase a delegación, ao abeiro do previsto nos art. 13 e 14.1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social, na Comisión Executiva do Consello Social, as competencias que enuncian os artigos do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social que se relacionan a continuación: art. 3.1 c), art. 3.1 e), art. 3.2 a), art. 3.3 e), art. 3.3 g), art. 3.3 j), art. 3.3 k), art. 3.4 a), art. 3.4 b), art. 4.1, art. 4.2 a), art. 4.2 b), art. 4.2 c), art. 4.2 d), art. 4.2 e), art. 4.2 f), art. 4.2 g), art. 4.2 h), art. 4.3 a), art. 4.3 b), art. 4.3 c), art. 4.3 d).
- Acórdase a aprobación, ao abeiro do disposto no art. 75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, dos prezos das ensinanzas propias da UDC para o curso 2014-2015.
- Acórdase a aprobación, ao abeiro do disposto no art. 75.3 n) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, da ampliación do capital social da empresa de base tecnolóxica participada pola UDC "Appentra Solutions, S.L.", operación á que a UDC acude executando a cláusula antidilución pactada no contrato entre socios, recibindo destes últimos 6000 novas participación por un prezo total de 1 euro.
- Acórdase aprobar, ao abeiro do disposto no art. 75.3 n) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, as dúas ampliacións de capital social da empresa de base tecnolóxica participada pola UDC "Torus Solutions, S.L.", operación a que a UDC acude, na primeira delas, realizando unha aportación diñeiraria por importe de 450 euros, co obxectivo de manter un 5% da participación no capital social da entidade, non acudindo á segunda, polo que a participación dilúese ata o 4'67%.
- Acórdase aprobar a proposta de modificación de tarifas dos Servizos de Apoio a Investigación para o ano 2014 ao abeiro do disposto no art 75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Acórdase aprobar a proposta de modificación dos prezos públicos da Aula de Formación Informática ao abeiro do disposto no art.75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.

- Acórdase aprobar a proposta de modificación dos prezos das instalación deportivas da UDC ao abeiro do disposto no art.75.3 f) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art.75.3 l) da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a aceptación pola universidade da cesión en réxime de comodato do fondo arquivístico e bibliográfico de Don Pedro López Gómez, sobre o que posteriormente se constituirá un legado mortis causa en favor da UDC.